



DOCUMENTO:

Data inicio de exposición: 19-02-2025

Data final de exposición: 28-02-2025

O Porriño, a de de

## Publicación acordo tribunal cualificador alegación Lucía Monroy Fernández

O **tribunal cualificador** do proceso de selección urxente, polo sistema de concurso-oposición, para a selección de dous/dúas técnicos/as de orientación e prospección laboral para execución de programa de carácter temporal "PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO do Concello do Porriño 24/25"; ao abeiro da Orde do 28 de maio de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia e se convocan para o ano 2024; reunido no Multiusos de Torneiros - Porriño (Pontevedra), ás 09:00 horas, do día catorce de febreiro de dous mil vinte e cinco, coa finalidade de resolver as alegacións formuladas da fase de concurso **acorda publicar:**

**Primeiro.-** O tribunal cualificador procede a revisar a alegación presentada por Lucía Monroy Fernández, con rexistro de entrada número 2025-E-RE-1258 de data 12/02/25 na cal expón:

*"Que, tras a publicación da baremación provisional de méritos na fase de concurso do proceso selectivo para a selección de dous/dúas técnicos/as de orientación e prospección laboral para execución de programa de carácter temporal "PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO do Concello do Porriño 24/25", observo que non se me tivo en conta correctamente a totalidade da miña experiencia profesional e formación acreditada, polo que formulo as seguintes alegacións:*

*1. Experiencia profesional: Na resolución provisional, conséntase que se me asignaron 0.05 puntos na valoración da experiencia profesional. Sen embargo, considero que debería recoñecerse un total de 0,50 puntos, conforme ao baremo establecido e a documentación acreditativa da mesma xunto coa solicitude presentada (en total 3 das 4 experiencias laborais non foron puntuadas nin valoradas).*

*2. Formación acreditada: Segundo a resolución provisional, a puntuación asignada á miña formación complementaria é de 0,0 puntos. Non obstante, os seguintes cursos non foron valorados ou foron puntuados incorrectamente: • Máster Oficial en Psicoloxía do Traballo e as Organizacións, XF e Intervención Social. 60 ECTS (1.500 horas). Universidade de Santiago de Compostela."*

O tribunal cualificador procede a revisar a documentación presentada coa solicitude para participar non proceso de selección con rexistro de entrada número 2025-E-RE-792 de data 28/01/25 e rexistro de entrada número 2025-E-RE-881 de data 31/01/25. Se ben constan os documentos referidos pola interesada o tribunal constata que:

1º.- Con respecto á experiencia laboral: as bases só puntuaban servizos prestados como orientador/a laboral ou titor/a, na Administración pública acreditaranse mediante certificación expedida pola mesma onde os houbese





prestado e os prestados na empresa privada mediante contrato de traballo acompañado de vida laboral actualizada; polo que o tribunal non pode puntuarlle os restantes tres contratos, coa ocupación de psicólogo, ao non axustarse ao estipulado nas bases.

2º.- Con respecto á formación: as bases outorgaban a puntuación en función das horas de duración, se o curso non indica horas ou créditos non é posible a súa valoración. O tribunal non pode outorgarlle puntuación ao título presentado pola interesada xa que no mesmo, só unha cara, non figuran nin horas nin os créditos.

**Segundo.-** De conformidade co exposto o tribunal cualificador acorda **desestimar** a alegación presentada por Lucía Monroy Fernández.

**Documento asinado dixitalmente na marxe polo presidente do tribunal**

